

## Acta de reunión

Órgano convocado	Equipo docente de 1º de CB Carpintería e moble						
Lugar de reunión	Aula 103			Ordinaria	x	Extraordinaria	Urxente
Nº de reunión	1	Data	27/09/2018	Hora inicio	16:00	Hora remate	16:50
Moderador/a	O titor						
Secretario/a	O titor						
Propósito	Constitución e primeira reunión de equipo docente						
Asistentes	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Daniel Herrero Betegón</li> <li>▪ Marta Barcala Calveiro</li> <li>▪ Javier Tomé Castro</li> <li>▪ Isidoro Dios Rodiño</li> <li>▪ Gumersindo Couso Boullosa</li> </ul>						

## Temas tratados

### ▪ 1. Constitución do equipo docente

O titor fai a presentación do equipo docente, que queda constituído como sigue:

Módulo de Ciencias Aplicadas 1 – Andrés Ramón Peaguda Pérez

Módulo de Comunicación e Sociedade 1 – Daniel Herrero Betegón

Módulo de Comunicación en lingua inglesa- Marta Barcala Calveiro

Módulo de Materiais e produtos téxtiles – Javier Tomé Castro

Módulo de Instalación de elementos de carpintería – Isidoro Dios Rodiño

Módulo de Operacións Básicas de mecanizado – Gumersindo Couso Boullosa

### ▪ 2. Coordinación da elaboración das programacións

O titor comenta que se teñen que elaborar as programacións dentro do prazo establecido pola dirección do Centro. Neste momento non se pode acceder ao programa, xa que a aplicación non está dispoñible. Unha vez acabadas ténselle que enviar ao titor, unha copia dixital, da versión alumno, para a súa exposición na aula virtual, e para dispoñer dun exemplar físico na clase para a súa consulta.

### ▪ 3. Programación das actividades complementarias á formación.

As actividades complementarias para o presente curso estanse a elaborar en colaboración co Departamento de Orientación, pero aínda non están pechadas.

Coméntaselle ao equipo docente, que se poden propoñer as actividades que se consideren convenientes, neste momento ou ao longo do curso. Pero non xorde ningunha proposta.

#### ▪ **4. Criterios para a xustificación das faltas de asistencia do alumnado.**

Os criterios que se contemplan para a xustificación das faltas de asistencia, a efectos de perda da avaliación continua, son os que figuran nas normas de organización e funcionamento do Centro. Ademais das anteriores, o equipo docente fai as consideracións que se reflicten no apartado de acordos.

#### ▪ **5. Proposta de calendario de reunións.**

A proposta de calendario de reunións para o curso 2017/2018, é a que figura no anexo nº 1 da presente acta.

#### ▪ **6. Rolda de intervencións.**

Non se produciu ningunha intervención.

Levántase a sesión, sendo as 16:50 horas.

### **Acordos**

#### ▪ **Criterios para a xustificación das faltas de asistencia do alumnado.**

##### **Xustificación de faltas por motivos laborais.**

Acordase que se o alumnado solicita a xustificación das faltas por motivos laborais, xustificarse como máximo un 3 % das horas totais dos módulos aos que falte a o longo de todo o curso, unha vez revisada a documentación polo equipo docente.

Deberá presentar a seguinte documentación:

- Contrato orixinal de traballo.
- Documento acreditativo da empresa onde especifique o motivo da ausencia.

### Xustificación de faltas de deportistas convocados a competicións.

O alumnado que este convocado polas federacións deportivas para competicións deberá aportar a seguinte documentación para xustificar as faltas e facer cambios nas datas de exames e entrega de traballos:

- Documento xustificativo de que o alumno/a esta convocado para a competición, emitido pola federación correspondente indicando as datas da competición e presentarllo ao titor/a 15 días lectivos antes da competición.
- Unha vez celebrada a competición, e durante un período máximo de 5 días lectivos, entregar ao titor/a, documento oficial xustificativo da clasificación da competición.

### Faltas de puntualidade.

Acordase que 3 faltas de puntualidade equivale a unha de asistencia.

Considerase falta de puntualidade unha demora a partir de 10 minutos.

### Xustificación das faltas de asistencia.

O profesorado debe poñer as faltas de asistencia no Xade.

Os xustificantes de falta serán entregados ao titor, quen xustificara no Xade as faltas e enviará, por correo electrónico, un documento especificando as faltas, horas e módulos a o profesorado.

O titor comenta que só xustificará as faltas establecidas no NOF e as acordadas nesta reunión de equipo docente e cos xustificantes emitidos polos organismos correspondentes. En caso de dúbida sobre as xustificacións, reunirse o equipo docente para deliberar se é xustificable ou non.

O responsable de que se cumpran estes acordos será o titor.

## Anexos

- Anexo nº 1 Calendario de reunións

27/09/2018	1ª Reunión do equipo docente (Constitución)
03/10/2018	2ª Reunión do equipo docente y Evaluación inicial
07/11/2018	3ª Reunión do equipo docente
20/12/2018	4ª Reunión do equipo docente e 1ª avaliación
09/01/2019	5ª Reunión do equipo docente
06/02/2019	6ª Reunión do equipo docente
21/03/2019	7ª Reunión do equipo docente e 2º avaliación
03/04/2019	8ª Reunión do equipo docente
08/05/2019	9ª Reunión do equipo docente
13/06/2019	10ª Reunión do equipo docente e 3ª avaliación

Visto e prace moderador/a

O/A secretario/a